

**VII SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“AS MISIÓNS PEDAGÓXICAS, A DEPURACIÓN NO MAXISTERIO E
AS MULLERES ANTIFRANQUISTAS REPRESALIADAS”**

Rianxo – Boiro – Gres (A Ponte Ledesma), 20-21-22 de maio de 2016

CONCLUSIÓNS E AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE

Principais conclusións do Seminario

Reprodúcese, a continuación, unha síntese das principais conclusións ás que os asistentes chegaron no momento da avaliación grupal da actividade.

1. Segue considerándose a actividade, igual que nas edicións precedentes, como un interesante exercicio de análise e comprensión dun fenómeno histórico moitas veces descoñecido e, outras, declaradamente ignorado.
2. É unha realidade que moitos aspectos da “Memoria” apenas están investigados aínda. Neste sentido, faise necesario afondar no seu estudo.
3. Paralelamente, a implicación didáctica de todo o relacionado con ela está, se acabe, nun momento de análise aínda máis primitivo, razón pola cal se fai necesario afondar tamén nesta liña de traballo.
4. Resulta paradoxal que unha iniciativa tan revolucionaria desde a perspectiva cultural como as Misións Pedagóxicas non provocasen despois –unha vez acontecidos os sucesos de todos/as coñecidos– unha maior resistencia á represión especificamente educativa e cultural.
5. A Guerra Civil foi, sen dúbida, un fracaso colectivo. Desde esta óptica, nada impide –e mesmo sería saudable– que a “Memoria” aborde calquera situación que se teña dado... desde calquera dos bandos.
6. Desde esta perspectiva tamén, a sociedade, e o ámbito educativo en especial, necesitan dunha revisión histórica do relato que foi escrito desde a Guerra Civil ata hoxe en día. Unha revisión de todas as partes participantes para poder transmitir un coñecemento real do sucedido.
7. Crese moi necesaria a visibilización de feitos e de realidades, pero tamén é preciso valorar por que a reflexión sobre a represión non chega a camadas amplas da poboación, por que sempre as sensibilizadas son as mesmas persoas... E por que tampouco chega á xente moza.
8. Por iso, precisamente, é importante construír lugares de encontro entre xeracións para comprender unha realidade tan complexa como a abordada polo Seminario.
9. De cara a próximos Seminarios manéxanse, entre outras, cuestións como:
 - Represión e psiquiatría.

- O papel da sección feminina.
- O papel do ensino relixioso.
- A escola nacional-católica.
- A situación, na época, do alumnado discapacitado.
- O papel do teatro na época.
- Os medios cos que contaba a medicina no momento.
- O sindicalismo agrario.
- O xornalismo. E, especificamente, a muller xornalista.

Valoración global da actividade

Os participantes no Seminario cumprimentaron un cuestionario de avaliación a partir da análise do cal se trata de sintetizar a continuación a valoración global realizada.

Cualifica de 1 (cualificación máis negativa) a 5 (a máis positiva) as seguintes cuestións:

1. Asistirías a outro Seminario destas características?

Si – 96.3%

Non – 3.7%

2. En conxunto, o Seminario respondeu ás expectativas que tiñas depositadas nel?

5 – 75%

4 – 18.8%

3 – 6.3%

3. Cal é a túa opinión sobre o título que se ofrecía no programa en cada unha das actividades desenvolvidas en relación co que foi realmente a súa realización práctica?

5 – 62.5%

4 – 34.4%

2 – 3.1%

4. A calidade das intervencións dos relatores/as que interviñeron no Seminario considérala:

5 – 74.2%

4 – 19.4%

3 – 6.5%

5. Valora, xenericamente, o cumprimento dos contidos do Seminario:

5 – 56.3%

4 – 37.5%

3 – 6.3%

6. Os aspectos abordados no Seminario son de utilidade, no seu caso, para a docencia e o traballo co alumnado?

5 – 37.5%

4 – 34.4%

3 – 15.6%

2 – 12.5%

7. A túa valoración sobre a estrutura do Seminario é:

5 – 71.0%

4 – 22.6%

3 – 6.5%

8. O tempo destinado a cada unha das actividades, e en conxunto, pareceche:

5 – 50.0%

4 – 40.6%

3 – 9.4%

9. Que opinión che merecen os lugares (interiores e exteriores) onde se desenvolveu o Seminario?

5 – 78.1%

4 – 12.5%

3 – 9.4%

10. A túa opinión sobre os materiais empregados no Seminario é:

5 – 59.4%

4 – 37.5%

3 – 3.1%

11. Sobre a adecuación das datas de celebración:

5 – 35.5%

4 – 54.8%

3 – 9.7%

12. Sobre a adecuación do lugar de celebración:

5 – 74.2%

4 – 25.8%

3 – 9.7%

13. Sobre a duración do Seminario:

- 5 – 58.1%
- 4 – 35.5%
- 3 – 6.5%

14. A valoración da aprendizaxe en relación cos teus coñecementos previos ao Seminario é:

- 5 – 54.8%
- 4 – 32.3%
- 3 – 9.7%
- 2 – 3.2%

15. A túa opinión sobre a organización xeral do Seminario é:

- 5 – 74.2%
- 4 – 25.8%

16. Cualifica cada unha das actividades desenvolvidas.

- Documental: As Misións Pedagóxicas 1931-1936
 - 5 – 90.3%
 - 4 – 6.5%
 - 3 – 3.2%

- Conferencia: As Misións Pedagóxicas en Galicia (X.L. Axeitos)
 - 5 – 77.8%
 - 4 – 19.4%
 - 2 – 3.2%

- Roteiro: Homenaxe a Rafael Dieste (X.L. Axeitos)
 - 5 – 64.0%
 - 4 – 16.0%
 - 3 – 8.0%
 - 2 – 8.0%
 - 1 – 4.0%

- Conferencia: Rafael Dieste e as Misións Pedagóxicas (Uxío Otero)
 - 5 – 66.7%
 - 4 – 33.3%

- Representación teatral: A fiestra valdeira (Grupo de teatro Airiños)
 - 5 – 63.3%
 - 4 – 26.7%
 - 3 – 6.7%
 - 1 – 3.3%

- Traballo de campo 1 e 2
 - 5 – 72.4%
 - 4 – 17.2%
 - 3 – 3.4%
 - 1 – 6.9%

- Conferencia: As mulleres represaliadas... (Montse Fajardo, X. Álvarez)
 - 5 – 65.5%
 - 4 – 20.7%
 - 3 – 10.3%
 - 1 – 3.4%

- Actuación musical: 2NaFronteira
 - 5 – 64.0%
 - 4 – 20.0%
 - 3 – 16.0%

- Documental: A derradeira lección do mestre
 - 5 – 66.7%
 - 4 – 18.5%
 - 3 – 7.4%
 - 2 – 3.7%
 - 1 – 3.7%

- Conferencia: Contra os libros e contra os mestres... (X.M. Malheiro)
 - 5 – 59.3%
 - 4 – 33.3%
 - 3 – 3.7%
 - 4 – 3.7%

17. Como soubeches da existencia do Seminario?

- Correo electrónico – 52.9%
- A través do Facebook – 2.9%
- A través de internet – 14.7%
- A través doutra persoa – 20.6%
- Por outra vía – 8.8%

18. Suxire un título para o VIII Seminario sobre a Memoria:

- A psiquiatría.
- O papel da igrexa
- O sindicalismo agrario
- Historia oral e historia local: propostas didácticas
- Falanxe
- A represión no xornalismo
- Atención á diversidade
- As novas xeracións.

- Cara á revolución: a actividade das organizacións obreiras
- Sindicalismo agrario na Galiza
- Papel da igrexa no golpe de estado franquista

19. Espazo reservado para que digas todo o que che quedou por dicir:

Algúns dos comentarios realizados foron os seguintes.-

- Grazas por todo
- Espero que haxa unha nova edición
- Moi interesante. A seguir!
- Parabéns pola organización de iniciativas que nos alentan a seguir na restitución da verdade histórica.
- Valoro moi positiva a motivación e interese das persoas asistentes ao Seminario; é moi desexable a continuidade e unha maior difusión do mesmo.
- Atraer a xente nova.
- Programa non tan cargado de contido, espazos de debate.
- Coido que debería ter máis peso a parte relacionada coa aplicación práctica na escola, ou mesmo coa reflexión teórica sobre o traballo na escola. O Seminario deste xeito penso que terá un interese restrinxido ao profesorado de historia, ás persoas interesadas por esta temática ou puntualmente polo tema concreto que se desenvolva o ano correspondente.
- Dende un MRP quizais se debería incidir máis na relación coa escola, a presentación de experiencias de escolas e suxestións de aplicacións na escola. Pero entendo tamén que dende esta outra perspectiva tamén pode ter lugar a reflexión sobre a función da escola.
- Agradecervos a vosa abnegación e o voso esforzo, tanto pola organización como pola preocupación en que todo fose ben.
- Un pracer compartir con vós esta intensa fin de semana.
- Todos os relatorios, sen excepción, parecéronme tremendamente interesantes, cubrindo amplamente as expectativas. Á súa calidade e profundidade a nivel de investigación histórica, súmase o carácter divulgativo e comprensible das mesmas, aspecto moi interesante á hora de transmitir o coñecemento histórico entre público e profesorado que non é licenciado en Historia na súa totalidade.
- Destacaría a cordialidade mostrada pola organización, así como a boa estrutura das xornadas e a calidade dalgúns charlas (Axeitos, Otero) e documentais. O peor, o sectarismo indisimulado dalgúns poñentes, máis interesados na lágrima fácil que nunha visión equilibrada dos feitos no seu conxunto. Por certo, ningún historiador serio lle chamaría a Franco fascista, e moito menos aos sublevados do 36, onde o falanxismo era minoría, e senón mirade o caso do líder da CEDA Gil Robles. En

- fin, reclamaría máis honestidade intelectual e menos propaganda. Chamarlles fascistas aos sublevados é caer exactamente na mesma simplificación que facían estes cando lle chamaban *rojos* ou *comunistas* aos leais ao réxime republicano. Saúde e república!
- Xa o comentei na asemblea final da Ponte Ledesma. Gustaríame que se tratase o papel da igrexa (xerarquía e tropa) no golpe de estado franquista. Así como o papel das misións que organizou a igrexa ata os anos 60 para meter máis medo e eliminar calquera resto de pensamento (laicismo-republicanismo) que quedara no pensamento da xente.
 - Na memoria-ensino penso que tería estado do mellor incluír a educación (xeral e non só sentimental) que un par de xeracións recibiron/recibimos nos colexios de frades e freiras a quen se lles deu o privilexio de formar boa parte da xuventude galega e alén portelas. A Sección Feminina tamén; porén a responsabilidade grosa estivo nos colexios relixiosos. Tamén o papel da Universidade.
 - Paréceme estupendo combinar actividades dentro e fóra. A moza que contou o da Ponte Ledesma na Fundación Neira Vilas estivo xenial en frescura, información, interese e capacidade comunicativa.
 - Para os que non temos estado noutros Seminarios da Memoria ás veces resultaba "familiar de máis" a organización.
 - Ben os materiais da exposición no IES F. Muriel. Oportunos, entrañábeis e didácticos.
 - Foi extraordinario, se cadra precisaba de máis tempo para tratar todos e cada un dos aspectos.

Desde a perspectiva da Comisión Organizadora, integrada por membros de *Nova Escola Galega* e por profesorado e persoal non docente do IES "Félix Muriel" de Rianxo, o Seminario cumpriu sobradamente os obxectivos a partir dos cales foi convocado. Por unha parte, permitiu estudar *in situ* a actividade das Misións Pedagóxicas nas zonas visitadas, e por outra comprobar que esa actividade segue aínda viva na memoria colectiva. Desde unha óptica estritamente educativa, en definitiva, o Seminario contribuíu a reflexionar sobre as posibilidades educativas que nos ofrece o medio próximo á escola.

Rianxo, 2 de xuño de 2016